

MODIFICACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA

DEPARTAMENTO DE ECONOMÍA

A publicación da ORDE do 27 de decembro de 2022 na que se modifica a orde do 20 de maio de 2022 pola que se aproba o calendario escolar para o curso 2022-2023, supón a modificación do calendario , e en consecuencia , a modificación da programación didáctica prevista para o curso 2022/2023 por este departamento.

Esta modificación afecta aos criterios de cualificación e de recuperación, quedando do seguinte xeito:

ECONOMÍA 4º ESO

Os instrumentos de avaliación serán cualificados do seguinte xeito:

1) Probas escritas individuais

Realizaranse dúas probas específicas por avaliación, con preguntas abertas e resolución de exercicios e problemas. Cada proba será puntuada de 0 a 10.

2) Actividades e traballos

Para as actividades realizadas na clase levarase a cabo unha observación sistemático mediante un diario de clase ou rexistro anecdótico que permita valorar a participación, o esforzo e o progreso do alumno. Tamén se solicitarán algúns traballos de aplicación e síntese. Para ser puntuados os traballos deberán presentarse dentro do prazo marcado. Entre os elementos da rúbrica para a cualificación dos traballos avaliarase positivamente a capacidade de traballo, a disposición para traballar en grupo respectando os compañeiros, a claridade expositiva, a corrección expresiva, a calidade do contido e a adecuación do mesmo ao tema proposto para o traballo.

Este apartado será puntuados de 0 a 10 segundo a rúbrica do profesor.

3) Actitude, participación, asistencia

A nota de cada avaliación será calculada mediante a media ponderada dos tres instrumentos:

1) Probas escritas individuais: 80%

2) Actividades e traballos: 10%

3) Actitude, participación, asistencia.: 10%

a) Si o alumno/a obtén na primeira proba menos de un 3 e se examina de todo o trimestre na segunda proba, a nota de este apartado 1 será a nota da segunda proba.

b) Si o alumno/a obtén na primeira proba menos de un 3 e so se examina na segunda proba do contido correspondente á segunda proba deberá recuperar a parte

correspondente a proba inferior a 3 na recuperación. Neste caso a avaliación estará suspensa.

Isto indica que a nota media destas dúas probas realizarase so a partir dun 3.

A cualificación mínima para aprobar cada avaliación será como mínimo dun 5.

Cando o alumno faga algunha proba na que antes tivera unha nota inferior ao 5, terase en conta a nova puntuación para facer o cálculo da media da avaliación correspondente, o que lle permitirá recuperar os estándares correspondentes.

Cando o profesor constate que un alumno ou alumna teña copiado nun exame, terá un cero no exame e deberá presentarse a recuperación da materia de ese exame no segundo exame do trimestre ou na recuperación si copiou no segundo exame de trimestre. Si o exame no que copiou é o final de xuño terá un cero no exame e suspenderá a materia

Actividades de recuperación

Realizarase unha proba de recuperación despois de cada avaliación.

Ademais o profesor/a poderá esixir o alumno/a a presentación dos traballos e actividades non feitos para recuperar os estándares e calcular a nota da avaliación ou a nota final.

A cualificación mínima para aprobar a materia será como mínimo dun 5.

Avaliación ordinaria

Para calcular a cualificación definitiva da avaliación ordinaria farase unha media das tres avaliacións.

En caso de non ter acadados os contidos mínimos da materia ao longo das tres avaliacións parciais, o alumnado deberá realizar un exame de recuperación das partes non superadas, cos contidos das unidades correspondentes a esas avaliacións.

Para calcular a cualificación definitiva da avaliación ordinaria dos alumnos que teñan que facer algunha recuperación, farase unha media das tres avaliacións.